

Núm. exped.	Solicitante	Titulación	Motivo denegación
2010/000066-0	Cillero Sánchez, Ana Isabel	L-Qui: química	Non alcanzar a nota de corte
2010/000049-0	Fernández Dfáz, Noelia	E-Ind: enxeñaría industrial	Non se axusta ás bases
2010/000018-0	Figueroa Martínez, Alicia	L-Nau: náutica e transporte marítimo (só 2º ciclo)	Non alcanzar a nota de corte
2010/000100-0	Gándara Gafo, Berta	G-C-Cs04: terapia ocupacional	Non se axusta ás bases
2010/000001-0	Gestal Rodríguez, Sandra	A-Arq: arquitectura	Non se axusta ás bases
2010/000069-0	López Vidal, Eva María	L-Qui: química	Non alcanzar a nota de corte
2010/000003-0	Lorenzo Dfáz, Manuel	E-Cam: enxeñaría de camiños, canais e portos	Non alcanzar a nota de corte
2010/000057-0	Moliner Casal, Alba	L-Ade: administración e dirección de empresas	Falta de documentación
2010/000111-0	Neira Pena, Ana María	L-Der: dereito	Non alcanzar a nota de corte
2010/000112-0	Neira Pena, Ana María	L-Ade: administración e dirección de empresas	Non alcanzar a nota de corte
2010/000048-0	Purriños Prieto, Roberto	E-Ind: enxeñaría industrial	Non se axusta ás bases
2010/000010-0	Rego Monteil, Nadia	E-Ind: enxeñaría industrial	Non alcanzar a nota de corte
2010/000091-0	Rey Expósito, Roberto	E-Inf: enxeñaría en informática	Non alcanzar a nota de corte
2010/000122-0	Rodríguez Filgueira, José Luis	Et-Est: enxª. téc. naval, espec. en estruturas mariñas	Non se axusta ás bases
2010/000092-0	Tuset Castro, Sonia	L-Eco: economía	Non alcanzar a nota de corte

UVI: Universidade de Vigo

Núm. exped.	Solicitante	Titulación	Motivo denegación
2010/000055-0	Abalo Sánchez, Marta	L-Fih: filoloxía hispánica	Non alcanzar a nota de corte
2010/000084-0	Álvarez Carrera, Alba	D-Mle: mestre espec. de lingua extranxeira	Non alcanzar a nota de corte
2010/000081-0	Álvarez Costas, Mari Paz	L-Cod: cc. da activ. física e do deporte	Non alcanzar a nota de corte
2010/000070-0	Blanco Pascual, Pedro	E-Inf: enxeñaría en informática	Non alcanzar a nota de corte
2010/000067-0	Carregal Romero, José	L-Fie: filoloxía inglesa	Non alcanzar a nota de corte
2010/000037-0	Fernández Fernández, Juan Rubén	L-Psp: psicopedagogía (só 2º ciclo)	Non se axusta ás bases
2010/000073-0	Fernández González, Raquel	L-Eco: economía	Non se axusta ás bases
2010/000060-0	Jamardo Casas, David	Et-Ali: enxª. téc. agrícola, espec. en ind. agr. e alimentarias	Non alcanzar a nota de corte
2010/000089-0	Lorenzo Davila, V. Constantino	E-Inf: enxeñaría en informática	Non se axusta ás bases
2010/000123-0	Pérez Cabo, David	Et-Sim: enxª. téc. de telecomunicación, espec. en son e imaxe	Fóra de prazo
2010/000030-0	Rivero Carrizo, Sonia	D-Enf: enfermaría	Non se axusta ás bases
2010/000013-0	Rodríguez Fernández, Denis	L-Qui: química	Non alcanzar a nota de corte
2010/000090-0	Sánchez De La Fuente, Estefanía	D-Mee: mestre espec. de educación especial	Non se axusta ás bases
2010/000121-0	Taboada Lorenzo, Verónica	L-Fig: filoloxía galega	Non alcanzar a nota de corte

Orde do 26 de novembro de 2010 pola que se fai pública a resolución da convocatoria de axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010 ao alumnado universitario galego.

Pola Orde do 30 de xuño de 2010, DOG do 7 de xullo, aprobáronse as bases e procedeuse á convocatoria de axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010 ao alumnado universitario galego.

De acordo co establecido no artigo 5º das bases da convocatoria, desde o día 2 ao 14 de outubro de 2010 expuxéronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación, e durante ese mesmo prazo os interesados puideron formular reclamacións ou emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades.

Transcorrido este prazo, as solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 7º das bases da convocatoria e atendendo ao informe-proposta elevado pola citada comisión avaliadora a través da Secretaría Xeral de Universidades, esta consellería

RESOLVE:

Artigo 1º.-Facer pública a relación de beneficiarios das axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010, polas correspondentes entidades bancarias, aos estudantes universitarios que se relacionan no anexo desta orde, sempre que cumpran os requisitos do convenio asinado coas entidades financeiras.

Artigo 2º.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procede-

mento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Listaxe de axudas concedidas

Nº exped.	DNI/CIF	Solicitante	Prórroga
2010/000007-0	44832550-F	Amigo Galán, Glauco A.	1ª p
2010/000008-0	44832550-F	Amigo Galán, Glauco A.	2ª p
2010/000010-0	53163322-H	Amor Raposo, César	2ª p
2010/000006-0	33293907-G	Barcia Feás, Brais	1ª p
2010/000001-0	47383548-Y	Fuentes Martín, Mateo	2ª p
2010/000004-0	77419600-J	López Gutiérrez, Jaime	1ª p
2010/000009-0	52939556-L	Mariño González, Manuel	1ª p
2010/000002-0	76709693-R	Pérez Fernández, Antonio	2ª p
2010/000003-0	76826862-P	Sáenz-Díez Pérez, Isabel	1ª p
2010/000005-0	36039232-A	Vidal Abad, Mª Carmen	1ª p

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 30 de novembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción e se convocan para o ano 2011.

A ganaría baseada nas nosas razas autóctonas foi tradicionalmente fonte dunha incalculable riqueza desde diversos puntos de vista, tanto económicos como sociais e ambientais. Hoxe en día debemos destacar tamén a importancia da conservación destas razas polo recurso xenético que supoñen e o seu papel fundamental na conservación de ecosistemas e pastos.

Trátase tamén dunha ferramenta útil para a fixación da poboación no medio rural, incrementando a calidade, a competitividade e o valor engadido dos produtos.

Por este motivo, establécense axudas dirixidas ás asociacións de criadores das razas gandeiras autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que desenvolvan actuacións destinadas ao fomento destas razas.

As actividades subvencionables por esta orde enmárcanse no disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01), no Regulamento 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 (DOUE L 358/3,16-12-2006), sobre a aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado e das axudas estatais para pequenas e medianas empresas dedica-

das á produción de produtos agrícolas e o establecido no Real decreto 1366/2007, do 19 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7º e 14º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Consellería do Medio Rural para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita axuda para o ano 2011.

Artigo 2º.-*Obxecto da axuda.*

Esta axuda, tramitada a través do procedemento de concorrencia competitiva, para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción, ten como finalidade:

1. O aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, da súa viabilidade e do nivel de vida dos gandeiros.

2. A modernización do sector gandeiro galego en materia de xenética, sanidade e produción animal.

3. A mellora da eficiencia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións.

4. A optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán acollerse ás axudas descritas nesta orde as organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que cumpran os requisitos seguintes:

a) Desenvolver a actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Acreditar que os gandeiros que as integran concentran un mínimo do 60% do censo de reprodutores da/s raza/s en perigo de extinción.

d) Estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos da raza ou razas en perigo de extinción pola Comunidade Autónoma de